



Caricatura
de Omar Pérez

MANUEL REGO NIETO

Moreiras, 1931

Perito Mercantil. Foi técnico de Administración da Deputación de Ourense, xubilado. Colaborador da prensa galega e en publicacións de inspiración carlista. Ten publicado o seguinte: "Escritos", 1973; "Ourense...",

1984; "El carlismo orensano, 1936-1980", 1985; "Pies de Foto", 1986; "Los hombres de circo (aquellos orensanos)", 1992; "El Festival del Miño.", 1992; "Feitos e ditos", 1993; "Del cambio al cambiazo", 1994; "Crónicas amigas", 1994; "O Don Ramón que coñecín...", 1994; "Los Borbón-Parma", 1995; "Percorrendo os camiños de Toén",

1996; "Imaxes dunha vida...", 1996; "Gustavo Rego, benemérito de la fidelidad", 1997. "Historia dun circo", 1997; "Canastros en San Pedro de Moreiras", 1997; "Valle-Inclán, carlista", 1998; "Cruceiros en Toén", 1998; "Mi amigo David Ferrer", 1999; "Recuerdos carlinos", 1999; "Un San Benito en Solveira", 2000; "Bos e xenerosos (galeguistas do interior)", 2000; "Cen xornalistas en Ourense (1959-2000)", 2000; "Moreiras en postais", 2000; "Solveira da Rabeda", 2001; e presentou a primeira moción en galego no Concello de Ourense, para nomear a Otero Pedrayo Cronista Oficial da Cidade de Ourense.



O DON RAMÓN ORADOR

Manuel Rego Nieto

Fai ben a revista RAIGAME en lembrar a Don Ramón Otero Pedrayo no vintecinco aniversario do seu pasamento. E fai ben, porque iste Ourense padece de amnesia..., pra cos seus fillos. E esí nos vai...

Os que fomos amigos de Don Ramón. Os que compartimos ó seu carón xornadas, ben na rúa da Paz, ou na Casa Grande de Trasalba. Os que o admiramos como escritor, como político íntegro, como mestre sabio, como home bó e xeneroso, e como orador, estamos a sentir un baleiro moi difícil de cubrir... Pois ao fin e ó cabo, o quíl escribiu, e nos deixou pra nos enriquecer intelectualmente, non nos chega (fártalles ós que non o coñece-

ron, ou si, máis non o trataron), pois a súa conversa, o seu consello, a súa amizade sinxela e inquebrantable –por riba de diferencias ideolóxicas ou doutra orde– estamos a perseguir coma un pantasma –“eu son un pantasma”, dicía nos derradeiros anos da súa vida...), niste Ourense, e nesta Galicia de non tantos bós e xenerosos, pro eso sí de moitos aproveitados...

E si a oratoria –deso pídénme que escriba sobor de Don Ramón– é ó “arte de falar con elocuencia, empregando o pensamento e a palabra...”, en Don Ramón xuntábanse de maneira maxistral, inda que o pensamento funcionara máis a presa, posiblemente, que as súas verbas....



Don Ramón nunha homaxe tributada ó autor deste artigo, na fotografía xunto co alcalde de Ourense David Ferrer Garrido, no ano 1963.

Eu escoitei a Don Ramón -asemade de en interminables conversas, e onde lóxicamente falaba soio il -en moitísimas conferencias. Xa no “Orfeón Unión Orensana”, onde impartía cada ano nas Semanas Culturais, as súas leccións de galeguidade, fundamen-

talmente. Logo en Xogos florais, en conferencias sobor de diviño e humán. Don Ramón movía os seus brazos de home outo acompañando ás súas verbas, como os muiños manchegos contra os que don Quijote embestía coa súa lanza, na crenza de que eran xigantes.



*Intervención de Don Ramón nuns Xogos florais na década dos 60.
Foto Reza*



Don Ramón (coido que como Castelar e Vázquez de Mella) dominaba a oratoria de maneira brillante. Non daba tempo a se parar na última frase, pois a seguinte xa “borrara” o dito, e así sucesivamente. Na oratoria de Don Ramón xuntábanse a elocuencia, a sabiduría -que era moitísima-; o saberlle transmitir ós ointes a emoción ó referirse a nosa Terra.

As palabras saínlle como as augas límpas dunha fervenza. Non había tempo prás saborear, ás veces, pois os minutos ou as horas -eu escoiteino tres horas seguidas no Orfeón, describíndonos ó Pai Miño (“e iso, amigo Rego, que esquen-cín un mapa que teño en Trasalba...”)-.

Ou falando da Virxe María no Santuario Votivo do Couto, onde endexamais se fixo un canto á Nosa Señora, tan fermoso e cheo de fe... Ou ós postres dalgún homaxe, gabándose do amigo ó que apreciaba... Claro que un dos “discursos” máis fermosos -xa o teño contado-, foi cando coincidimos no coche de liña que facía o traxecto Vigo-Ourense. Foron aquelas dúas horas, ollando lameiros logo de Porriño, ou as cepas cara a Pontearreas, as xestas amarelas rubindo Fontefría, os piñeiros cara á Cañiza, a baixada dende Melón a capital do Ribeiro, o encoro de Ventosela ó pé da súa Trasalba..., foron, xa digo, dúas horas de falar e falar, e eu de escoitar...

Pois como puxen no programa que lle adicamos o ano do seu pasamento na Semán Cultural do Orfeón, “cando Don Ramón falaba, Galicia toda

O Don Ramón que coñecín...



Manuel Rego Nieto

púñase a escoitar...”. Inda o sego escoitando nas cintas grabadas no Orfeón, ó que Don Ramón salvou de desaparecer...